

Sentimentos a Flor de Pel

Por: Ángel Mosquera Mera



Alarma no paraíso, un terremoto arrasou a ilusión. As glorias que antano levaron as conquistas, agora a vida cambiou. A xente emociónase, pasa fame, vive en calquera recanto. A nosa alegría son vanas groserías, ignoramos o que sucede ó noso arredor. Somos perdedores nun mundo accidentado, productos milagre; ¿ quen da máis?. Mudouse a esperanza do paraíso, a dor lle cuspe nas esquinas, un baleiro envolve o pracer, a noite cubre o día; o sol morre ó atardecer.

Acomódate, a vida é un túnel fráxil e a ti che pode caer. Ten coidado agárrate forte cando saltes o balado. Na orella do mar unha bela serea meditaba en voz alta. Choraba, as horas pasaban e a súa voz se perdía mesturada coas ondas do mar. Murmurar con súplicas e morrendo sen axuda consolada cos recordos. Séntate a gusto, observa a vaidade humana, as ansias de poder para nada; unha fragilidade na que se balancea a humildade.

Pecados ó lado dunha lagoa con auga cristalina como compañeira, as árbores son o abrigo cómplices da súa compañeira. O amor desprázaos ó Olimpo, o cariño á devesa, o seu sangue o abismo que da a forza. Protexida polo día acompaña de sombras que son a súa silueta. Abraza as ilusións, e entrelazan nunha trenza, repica con bicos tenros; a túa paz é a miña.

Poesías

Por: Luis Otero Penelas

PEIXEIRAS

Deusas erguidas, varadas nas pedras de cen peiraos, ollos que fitan calados o inmenso azul do mar.

E mentres ollan, agardan polos neptunos das ondas, que sendo anacos de prata elas converten en xoias.

E xoias as súas mans que lle dan bicos de noiva mesturando amor e sal.

¡ Ai ! peixeiras da ría arremangadas no vento, de negro loito cinguidas.

MARIÑEIROS

Fanse ó mar polo serán voltan pola mañanciña, colleitadores de sal entre as ondas de Galicia.

Mariñeiriños do mar homes reloxos e valentes, sempre querendo voltar ó esperta-lo abreinte.

Voltar no ronsel do vento cheos de pranto e suor, e sen esquece-la dor polos que dormen no fondo.

Así son, xente do mar non che son homes correntes, fartos de tanto loitar e carrexa-lo de sempre.

ELES

Os mariñeiros galegos non teñen mans senón remos, os seus corpos son as velas para bicarse co vento.